

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA
CELEBRADA O XOVES 11 DE XULLO DE 2024

**05. APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN PRO
ENFERMOS MENTALES DE A CORUÑA (APEM) PARA O ANO 2024.-**

**CONCELLERÍA DE IGUALDADE, SERVIZOS SOCIAIS,
SANIDADE E EDUCACIÓN**

Ref.: IRA/ESL/ajmc/2024

EXP. 2024/A004/000007

ASUNTO: Subvención nominativa á *Asociación Pro Enfermos Mentales (APEM)* durante o ano 2024. Sinatura do Convenio de Colaboración.

Proposta de Acordo

**CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN PRO ENFERMOS
MENTALES-APEM- PARA O ANO 2024.**

O día 27/03/2024 recíbese a solicitude de subvención (nº de rexistro: 202499900002680) na que APEM solicita financiamento para o mantemento do novo CENTRO DE REHABILITACIÓN PSICOSOCIAL E LABORAL DE ARTEIXO, polo cal o convenio de 2024 ten por obxecto a colaboración económica para dito concepto. O centro ten unha capacidade para 20-25 persoas.

O Pleno da Corporación aprobou, na sesión do día 31 de outubro de 2023, o Orzamento municipal no que se contempla a subvención nominativa destinada a APEM por un importe de 12.000,00 €.

Obra no expediente un primeiro informe técnico do día 17.04.2024 emitido ao respecto por Enma Sánchez, Coordinadora do departamento de Servizos Sociais, CVD: P2myRMg4a9vgh4C1W+pW do seguinte tenor:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

“O Pleno da Corporación aprobou, na sesión do 31 de outubro do ano 2023 o Orzamento municipal que contempla a subvención nominativa por un importe de 12.000,00€, destinada ao mantemento do Centro de Rehabilitación Psicosocial e Laboral (CRPL) de nova implantación en Arteixo . O orzamento prevé o pago dun anticipo do 80% do importe unha vez asinado o convenio.

ASOCIACIÓN POR ENFERMOS MENTAIS - APEM

A Lei 39/2006 de Promoción de la autonomía personal y atención a las personas en situación de dependencia, reconece especificamente o papel das entidades do terceiro sector na atención ás persoas en situación de dependencia, apoiando o esforzo das familias e as propias corporacións locais. A asociación APEM é un exemplo de entidade con experiencia no ámbito da enfermidade mental, que leva anos traballando na prevención dos riscos de exclusión social das persoas afectadas.

Foi constituída o 18/01/1980, con presenza inicial unicamente na cidade da Coruña. Na actualidade conta con centros de rehabilitación ou pisos protexidos en 7 concellos máis da provincia, entre eles Arteixo onde se sitúa unha das vivendas desde o ano 2004 e un centro de nova creación dende mediados do mes de Xullo de este ano.

Á marxe desta solicitude, o concello mantén un contrato coa empresa de emprego social (EMSO), dependente de APEM, para o Mantemento do Parque Monticaño e Servizo de Formación e inserción laboral.

No Departamento de Servizos Sociais constan os Estatutos da Entidade, nos que se define como Asociación de Interese Xeral, sendo o seu ámbito de actuación a provincia da Coruña. Créase, entre outros fins, para mellorar en todos os ámbitos a calidade de vida de TODAS as persoas que padecen unha enfermidade mental e das súas familias.

O artigo primeiro define que “Esta asociación carecerá de ánimo de lucro y no distribuirá las ganancias eventualmente obtenidas entre sus asociados sino que revertirán en el cumplimiento de sus fines”.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

Entre os seus fins atópanse

- *Proporcionar información, orientación y asesoramiento a las personas con enfermedad mental y a su entorno familiar.*
- *Fomentar el contacto y el apoyo solidario entre los familiares, así como prestarles asistencia psicológica y moral.*
- *Conseguir la máxima atención sanitaria y social para las personas con enfermedad mental y sus familiares, instando de las instituciones la creación de servicios en materia preventiva, sanitaria, asistencial, de rehabilitación y residencial.*
- *Sensibilizar a las instituciones y entidades así como a la opinión pública, en relación con la problemática de la enfermedad mental, potenciando su aceptación social en el camino de la integración de las personas con enfermedad mental y la protección de sus derechos.*
- *Potenciar la creación de servicios propios, o en colaboración con otras entidades, destinados a la recuperación y rehabilitación de las personas con enfermedad mental así como su integración social y laboral.*
- *Potenciar la creación de servicios propios, o en colaboración con otras entidades destinados a cubrir las necesidades en materia de vivienda alternativa para personas con enfermedad mental, así como desarrollar servicios de atención domiciliaria.*

A asociación conta con personalidade propia, independente da dos seus asociados e, en consecuencia, goza de plena capacidade para ser suxeito de dereitos e obrigas e de aptitude legal para poder posuír bens de todas as clases, así como para adquirilos e dispoñer deles.

Consta inscrita nos seguintes rexistros

- *Rexistro de Asociacións de Galicia co nº 833 e declarada de UTILIDADE PÚBLICA por Orde do 30 de marzo de 2011 (DOG Nº 70, de 08/04/2011).*
- *Rexistro de entidades de Recuperación y Rehabilitación de Minusválidos del MINISTERIO DE SANIDAD Y SEGURIDAD SOCIAL co número 1.092.*
- *Rexistro de Entidades prestadoras de Servicios Sociais da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais da Xunta de Galicia co nº E-367.*

1. *Rexistro provincial de Asociacións, dependente da Xefatura Territorial da Consellería da Presidencia, Xustiza e Deportes, que certifica a inscrición de APEM con data de 07/01/1980.*

A Xunta Directiva, presidida por D^a Antonia María Eugenia Pérez Amieiro con DNI 51174396V, ten entre outras funcións, solicitar ás institucións ou entidades públicas ou privadas as axudas ou subvencións necesarias para o cumprimento dos seus fins estatutarios.

No departamento non temos constancia de que no territorio de Arteixo ou concellos próximos operen outras entidades con fins semellantes. APEM é a entidade social que asiste ao colectivo de persoas enfermas mentais nesta zona da provincia.

NORMATIVA DE REFERENCIA:

A Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia establece que corresponde aos concellos, no marco da planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais, entre outras, as competencias de creación, xestión e mantemento dos servizos Sociais comunitarios básicos, a colaboración no fomento dos servizos sociais especializados no ámbito local así como a Promoción e coordinación dos servizos sociais.

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, dispón non seu artigo 22.2 que poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos, nos termos establecidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións, e o artigo 28 establece que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar estas subvencións.

Plan Estratéxico de Subvencións (PES):

No plano local, o PES prevé no artigo XII.- PROCEDIMENTOS DE CONCESIÓN, o outorgamento de subvencións, excepcionalmente, a través de concesión directa, a favor de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, comunidades de bens, etc. e que o procedemento para a concesión, sexa o Convenio.

.Obxectivo do PES.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

A subvención a esta entidade está encadrada na área de Benestar Social, liña de subvención 1.3.2 persoas en risco de exclusión.

.Indicadores de avaliación do PES.

Ao menos, o número de persoas ocupadas no centro.

Consideramos que a actividade de APEM é de interese social para a comunidade, polo cal propónse a sinatura do convenio que se somete a aprobación.

ANÁLISE DA SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN PRESENTADA

Solicitud do día 21/03/2024 recíbese a solicitude de subvención (nº de rexistro: 202499900002680), achegando documentación.

1.- SERVIZO FINANCIADO, OBXECTO DO CONVENIO:

Mantemento do Centro de Rehabilitación Psicosocial e Laboral (CRPL) de nova implantación en Arteixo, no que se inclúen gastos de equipamento de equipos informáticos e gastos de persoal.

2.- DOCUMENTACIÓN. Consta no expediente:

- 2. Solicitud de sinatura de convenio correctamente cuberta e asinada.*
- 3. Orzamento desgregado por conceptos.*
- 4. Copia compulsada do DNI da presidenta, que asinará o convenio.*
- 5. CIF da entidade.*
- 6. Certificación de outorgamento de poder a favor da Presidenta.*
- 7. Acreditación de estar de alta no rexistro de entidades sociais de Galicia.*
- 8. Estatutos da entidade.*
- 9. Certificación da Axencia Tributaria de que a entidade se atopa ao corrente no pago das obrigas tributarias, con data de emisión do 25/03/2024.*

10. *Certificado da Tesourería Xeral da Seguridade Social. A entidade non ten pendente de ingreso ningunha reclamación por débedas xa vencidas coa Seguridade Social, con data de emisión do 25/03/2024.*

11. *Certificado de débedas da Axencia Tributaria de Galicia, de 25/03/2024. Non consta que teña pendentes débedas en período executivo non aprazadas, fraccionadas o cuxa execución estea suspendida.*

A documentación presentada está completa e considérase suficiente.

3.- MEMORIA ECONÓMICA

O gasto estimado do mantemento do centro de Arteixo é de 17.290,20 €, dos cales 4.290,20 € corresponden a cargo da asociación , para os que solicitan unha subvención de 13.000€. O resto do orzamento corresponde a salarios do persoal nunha pequena proporción, concepto para o que non solicitan axuda.

4.- MEMORIA EXPLICATIVA

Posto que o convenio ten por obxecto o financiamento dos gastos de mantemento do centro de Arteixo, describen as actividades amplamente. Os programas que desenvolven son:

- a) Programa de rehabilitación das capacidades cognitivas*
- b) Programa de habilidades para a vida diaria*
- c) Programa de habilidades sociais*
- d) Programa de autocontrol emocional*
- e) Conciencia e coñecemento da enfermidade*
- f) Programa de integración comunitaria*
- g) Apoio ás familias*

Engaden información sobre a xestión de calidade conforme a Norma ISO 9001:2015 certificado por AENOR, que engloba todos os procesos e procedementos de actuación, dende a acollida da persoa beneficiaria do servizo ata a saída do

dispositivo, pasando polas distintas intervencións ao longo do seu proceso de rehabilitación.

E por último resumen que a atención no CRPL artículase a través dos plans individualizados de intervención (PII), que se elaboran tras unha avaliación multidisciplinar atendendo ás capacidades, necesidades e contexto da persoa.

Pola nosa parte, consideramos suficientemente detallada a información.

5. OBRIGA DE XUSTIFICACIÓN

A data de xustificación será o 30/11/2024.

Deberán dar conta de todos gastos así como dos datos necesarios que permitan a cuantificación dos indicadores de avaliación recollidos no Plan Estratéxico de Subvencións deste Concello. Estes aspectos están previstos na cláusula de xustificación do Convenio do seguinte xeito:

“Memoria de actuacións xustificativa do cumprimento da finalidade do convenio, con indicación das actividades realizadas e listaxe de persoas beneficiarias, con indicación de nome e apelidos e DNI. A memoria incluírá ao menos as facturas do gasto realizado. Achegaranse orixinais ou copias cotexadas, recibos e demais documentos de valor probatorio, polos conceptos incluídos e polo importe mínimo de 12.000,00€”.

6. NÚMERO DE PERSOAS BENEFICIARIAS

A solicitude indica que con esta axuda veranse beneficiadas 20 persoas usuarias do centro de APEM de Arteixo.

PROPOSTA

Aprobar a subvención nominativa destinada a APEM (Asociación Pro Enfermos mentales) representada por D^a ANTONIA MARÍA EUGENIA PÉREZ AMIEIRO con DNI 51174396V, polo importe de 12.000,00€ e anticipo de 9.600,00€.

A data de xustificación será o 30/11/2024.

Asina dixitalmente: Enma Sánchez, Coordinadora de Servizos Sociais..”

O 04.06.2024 recíbese a fiscalización da intervención municipal, que propón a subsanación de diversos aspectos do informe técnico e do texto do convenio, o día 11.06 a Coordinadora do Departamento asina un segundo informe (CVD: b7DGXjtU0zGxQcNlKnfG.) que rectifica o anterior, do seguinte teor:

“ ...

A Intervención condiona a fiscalización favorable á subsanación de determinados aspectos do informe, proposta e texto do convenio, polo que se emite novo informe que rectifica o asinado en data de 17.04.2024 con CVD P2myRMg4a9vgh4C1W+Pw.

1. IMPORTE DO CONVENIO

Na estimación do importe do convenio, cometeuse un erro material ao fixar que debe corrixirse. O Orzamento municipal contempla a cantidade de 12.000,00€, e non 13.000€.

2. ESTABLECEMENTO DUN COEFICIENTE DE FINANCIACIÓN

Nin no informe nin no texto do convenio, se fixa unha porcentaxe de financiamento para a entidade. Nin se indica que tal porcentaxe non poderá ser superada na xustificación.

Tendo en conta o orzamento e o importe do convenio, a Porcentaxe de financiamento queda fixada no 69,40%, que non poderá ser superado en ningún caso na fase de xustificación do Convenio. Esta porcentaxe será introducida no texto do convenio.

3. CLÁSULA PRIMEIRA DO CONVENIO

Eliminarase a referencia aos gastos de equipamento informático, e introducirase o relativo a gastos de mantemento, concepto para o que se tramita a solicitude. Compre sinalar que dito erro obsérvase tamén no informe técnico inicial (CVD:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

2JRPaLO552Mdg/T6FATw). En consecuencia, modifícase o apartado referido á memoria económica.

4. MEMORIA ECONÓMICA

O gasto estimado do mantemento do centro de Arteixo é de 17.843,83 €, para os que solicitan unha subvención de 12.000€.

5. PUBLICIDADE INSTITUCIONAL

O Texto do Convenio introducirá a obriga de publicidade da entidade, respecto do financiamento municipal, que deberá ser visible tanto no propio centro, coma na documentación, redes sociais e páxina web.

A intervención municipal, engade outras observacións, que se ben non condicionan a fiscalización modificarán igualmente a proposta a xunta de goberno e o texto do convenio:

6. VIXENCIA

A intervención sinala unha contradición ao fixar a data límite de xustificación no día 30 de novembro, e a duración do convenio ata o 31 de decembro.

Referir unha data concreta de finalización, quería indicar que o convenio non poderá superar o ano natural. Máis a cláusula será modificada nese sentido.

7. COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO

Afondando máis no coeficiente, indica que tamén debería ser modificado de obter a entidade beneficiaria outra axuda compatible con esta, tal como se reflicte na cláusula segunda.

A citada cláusula será modificada.

8. DATA DE XUSTIFICACIÓN

Quéixase a intervención de que a data de xustificación, cae demasiado cerca da finalización do exercizo económico, e que ese feito tensa os servizos económicos municipais, e pode dar lugar a que incluso teña que trasladarse ao exercizo seguinte.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

Sen embargo, as entidades precisan dispoñer do prazo máis amplo posible, para que todos os gastos anuais poidan ser incluídos no Convenio.

O 30 de novembro como data límite de xustificación, supón que a entidade non pode presentar gastos de persoal, máis alá do mes de outubro, e que quedan sen cubrir os gastos dos dous últimos meses. Nesta ocasión a data de xustificación non será modificada para que a entidade inclúa ao menos os gastos de 10 meses.

9. CONCURRENCIA DOUTRAS SUBVENCIONS que constan na Base Nacional.

A intervención sinala que consultada dita base atópanse dúas subvencións a APEM por parte da Deputación Provincial. Ambas foron publicadas no boletín provincial da Coruña, onde atopamos a seguinte información.

- *Importe de 20.717,51€. Publicada o 15.03:*

Beneficiario: ASOCIACION PRO ENFERMOS MENTALES DE LA CORUÑA

NIF: G15034176

Cod. Exp.: 2023000044591

Obxecto: ED-4 Centros de rehabilitación psicosocial e laboral. "CENTRO DE REHABILITACIÓN PSICOSOCIAL E LABORAL OS CHOPOS"

- *Importe de 11.525,98€. publicada o día 26.03 con estes datos:*

Beneficiario: ASOCIACION PRO ENFERMOS MENTALES DE LA CORUÑA

NIF: G15034176

Cod. Exp.: 2023000044542

Obxecto: ED-5: EQUIPAMENTO CRPL CHOPOS CORUÑA

Como pode comprobarse, as subvencións da Deputación destínanse ao CRPL OS CHOPOS CORUÑA, e pola contra, a axuda municipal destínase ao mantemento do centro de rehabilitación de Arteixo. Non existe risco de superposición das axudas.

PROPOSTA

Aprobar a subvención nominativa destinada a APEM representada por D^a ANTONIA MARÍA EUGENIA PÉREZ AMIEIRO con DNI 51174396V, nas seguintes condicións:

Beneficiaria: ASOCIACION PRO ENFERMOS MENTALES DE LA CORUÑA (APEM)

NIF: G15034176

Obxecto: Mantemento do Centro de Rehabilitación Psicosocial e Laboral (CRPL) de Arteixo

Importe: 12.000,00€

Anticipo: 9.600,00€

Importe que se ha de xustificar: 17.843,83 €

Data de xustificación será o 30/11/2024 "

Por todo o exposto, reelabórase a proposta inicial a Xunta de Goberno, e propónse a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

1. Aprobar a subvención nominativa destinada á Asociación Pro Enfermos Mentales (APEM), con CIF nº G-15034176, representado por D^a ANTONIA PÉREZ AMIEIRO, con DNI 51174396 V, presidenta da Asociación.

2. Aprobar o contido do Convenio de Colaboración, que se transcribe a continuación.

3. Aprobar a sinatura do Convenio con dita entidade nas seguintes condicións:

a) Obxecto: Mantemento do Centro de Rehabilitación Psicosocial e Laboral de Arteixo

b) Importe: 12.000,00€

c) Porcentaxe de financiamento municipal: 69,40% do orzamento presentado

d) Importe que se ha de xustificar: 17.843,83 €

e) Data límite de xustificación será o 30/11/2024

4. Aprobar o pago dun anticipo do 80% do importe total do convenio (9.600,00€), unha vez asinado.
5. O pago do 20% restante (2.400,00€) queda supeditado á presentación e aprobación pola Xunta de Goberno Local, da conta xustificativa.
6. Dar traslado ao departamento de intervención do presente acordo, aos efectos oportunos.
7. Facultar á Concelleira de Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Educación, D^a Inés Ramos Álvarez, para a sinatura do convenio e cantas xestións sexan necesarias.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE ARTEIXO E A ASOCIACIÓN PRO ENFERMOS MENTALES DA CORUÑA- APEM- PARA O ANO 2024

Dunha parte a Concelleira de Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Educación, Dona INÉS RAMOS ÁLVAREZ, que actúa en nome e representación do Concello de Arteixo facultada por acordo da Xunta de Goberno Local do día _____do ano actual.

Doutra, **D^a ANTONIA PÉREZ AMIEIRO**, con DNI 51174396 V, presidenta da *Asociación Pro Enfermos Mentales* da Coruña (APEM), actuando en nome e representación da mesma, con CIF G-15034176 e con sede na Praza dos Chopos, bloque 22, núm. 1, CP 15008, Coruña.

De conformidade co disposto no artigo 1 do RDL 781/1986, de 18 de abril, do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, O Concello de Arteixo ten plena capacidade xurídica para obrigarse e exercitar as accións previstas nas leis.

En virtude do estipulado na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, este Concello está legalmente apoderado para a planificación das súas áreas municipais promovendo actividades que contribúan a satisfacer as demandas e aspiracións dos seus veciños sempre tendo en conta as competencias que lle corresponden ás administracións municipais definidas no artigo 4 da mencionada lei. Entre outras, ten atribuídas as potestades regulamentarias e de autoorganización, de programación ou planificación.

A mesma Lei (Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local), no artigo 2, modificado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, indica que se debe asegurar ós Concellos (entre outras administracións) o seu dereito a intervenir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses para o que se lles atribúe competencias que lles permitan a atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da entidade local para o cumprimento dos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixos.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

Que en cumprimento da lexislación aplicable, as entidades locais poden exercer competencias, entre outras, nas seguintes materias: medio ambiente urbano, avaliación e información de situacións de necesidade social e atención a persoas en situación de risco de exclusión social, promoción da cultura, promoción turística, promoción do deporte e ocupación do tempo libre e, polo tanto, as derivadas da planificación e organización dos servizos e actividades de cada unha.

A ASOCIACIÓN PRO ENFERMOS MENTALES, ten plena capacidade para asinar o presente convenio e manifesta na súa solicitude que non se atopa incurso en ningún dos supostos do artigo 13 da Lei 38/2003, de prohibición para obter subvencións ou axudas públicas.

Considerando que o obxecto do presente convenio non se atopa dentro do ámbito obxectivo da *Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público*.

Considerando que, de conformidade co previsto no artigo 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das corporacións locais.

Considerando que, de conformidade co previsto no artigo 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, a subvención de referencia cumpre os seguintes requisitos:

1. Que a entrega se fai sen contraprestación directa dos beneficiarios.
2. Que a entrega está suxeita ao cumprimento duns obxectivos, proxectos ou actividades, debendo o beneficiario cumprir as obrigas materiais e formais que se establezan.
3. Que o proxecto, acción ou situación financiada teñan por obxecto unha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción de finalidade pública.

Por todo o exposto, **ACORDAN** Subscribir este convenio de cooperación, que estará suxeito ás seguintes CLÁUSULAS:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é a colaboración municipal no financiamento para o mantemento do Centro de Rehabilitación psicosocial e laboral (CRPL) da Asociación Pro Enfermos Mentais (APEM) en Arteixo, destinado ao colectivo de persoas con enfermidade mental, pertencentes a dita entidade.

O concello participará no financiamento do mantemento do centro, cunha aportación de 12.000,00€, que representa un financiamento do 69,40% do orzamento presentado (17.843,83€). Dita porcentaxe non poderá superarse en ningunha fase do procedemento, e de recibir outra axuda para a mesma finalidade, será recalculado proporcionalmente.

SEGUNDA. COMPATIBILIDADE

O importe máximo da axuda concedida non poderá, en ningún caso, superar o custo das actividades/investmentos que desenvolva a entidade; estas axudas serán compatibles, para os mesmos gastos subvencionables, con outras axudas concedidas por entidades públicas ou privadas sempre que a acumulación de axudas non supere a totalidade do custo elixible e se respecten as condicións establecidas en cada réxime de axudas, na normativa nacional e comunitaria aplicable.

En caso de que o conxunto das axudas supere dito custo, esta axuda reducirase na cantidade necesaria ata acadar o cumprimento do establecido anteriormente.

En todo caso, se a entidade fose perceptora doutras axudas ou subvencións de calquera organismo ou entidade pública ou privada para a mesma finalidade, o financiamento municipal será reaxustado en proporción ás axudas recibidas.

Serán subvencionables aqueles gastos que de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e sexan realizados e efectivamente pagados entre o 1 de xaneiro e o 30 novembro do ano actual.

TERCEIRA. DEREITOS E OBRIGAS DA ENTIDADE APEM

A entidade APEM comprométese a:

- a. Destinar o importe do convenio á finalidade prevista na cláusula primeira, que se realizará no ano 2024.
- b. A presentar a documentación xustificativa que se determina neste convenio.
- c. A conservar dita documentación en tanto poidan ser obxecto de comprobación ou control.
- d. A reintegrar os fondos recibidos nos supostos que proceda.
- e. Comunicar calquera modificación que se produza nos seus datos ou mesmo na actividade subvencionada.
- f. PUBLICIDADE. A entidade queda obrigada a manter no Centro de Arteixo e durante todo o período de vixencia do convenio, un cartel indicativo do financiamento municipal en tamaño mínimo A4.

Así mesmo, fará constar a colaboración do Concello en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais

Ademais das anteriores obrigas, de conformidade co previsto no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, son tamén obrigas da entidade:

- h. Someterse ás actuacións de comprobación efectuadas polo Concello de Arteixo.
- i. Comunicar a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a mesma actividade deste convenio. Dita comunicación efectuarse tan pronto se coñeza e, en todo caso, antes das xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- j. Dispoñer e ter ao día baixo a súa responsabilidade, as licenzas e autorizacións de organismos competentes en materia de sanidade, traballo, educación ou facenda, así como os libros, rexistros e demais documentos contables esixibles, no seu caso, pola lexislación mercantil.

CUARTA. CRÉDITO ORZAMENTARIO E IMPORTE DO CONVENIO

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

O Concello de Arteixo comprométese a financiar a APEM cun total de doce mil euros (12.000,00€) neste ano 2024, destinados a sufragar gastos definidos na cláusula primeira, con pago anticipado do 80% do importe total (9.600,00€) unha vez asinado este Convenio e o restante despois de aprobada a conta xustificativa.

QUINTA. PRAZO DE VIXENCIA E ENTRADA EN VIGOR

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estará vixente durante o ano natural no que se asine.

SEXTA. REQUISITOS DA ENTIDADE APEM COMO BENEFICIARIA:

APEM non poderá obter a condición de beneficiario no caso de concorrer nalgunha das circunstancias seguintes:

- a) Ter sido condenada mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- b) Ter solicitado a declaración de concurso, ter sido declarado insolvente, estar declarado en concurso, estar suxeito a intervención xudicial ou ter sido inhabilitado conforme á Lei Concursal.
- c) Ter dado lugar, por ter sido declarado culpable, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.
- d) Estar incursos, aqueles que ostenten a representación legal da entidade, nalgún dos supostos de incompatibilidade a que fan referencia a Lei 53/1984, de Incompatibilidade de Persoal ao Servizo das Administracións Públicas ou tratarse de cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, de Réxime Electoral Xeral.
- e) Non atoparse ao corrente no cumprimento de obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social.
- f) Ter residencia fiscal nun país ou territorio cualificado de paraíso fiscal.
- g) Non estar ao corrente no pago de obrigas por reintegro de subvencións ou convenios.
- h) Ter sido sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións ou asinar convenios.

SÉTIMA. PRAZO E DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA

O prazo de xustificación rematará o **día 30 de novembro do ano actual** e deberá acadar, polo menos, o importe do Orzamento concedido.

Para o pagamento, o Concello de Arteixo deberá aprobar previamente a conta xustificativa que se presentará no Rexistro Xeral do Concello con destino ó Departamento de Servizos Sociais, e deberá respectar o contido mínimo que marca o artigo 75 do RD 887/2006, Regulamento de Subvencións, polo que deberá incluír:

1. Certificación da Secretaria da entidade, co visto e praxe do Presidente, na que se faga constar que o gasto foi reflectido, na forma preceptiva, no libro de contabilidade da entidade, segundo o disposto no artigo 14.1 da Lei 38/2003 de 17 de novembro xeral de subvencións.
2. Declaración asinada pola persoa representante da entidade de todas as axudas percibidas ou solicitadas para a actividade subvencionada.
3. Xustificación da publicidade institucional referida á colaboración deste Concello no financiamento do Centro, que incluírá fotografía da cartelería.
4. Memoria de actuacións xustificativa do cumprimento da finalidade do convenio, con indicación das actividades realizadas e listaxe de persoas beneficiarias, con indicación de nome e apelidos e DNI. A memoria incluírá ao menos as facturas do gasto realizado. Achegaranse orixinais ou copias cotexadas, recibos e demais documentos de valor probatorio, polos conceptos incluídos e polo importe mínimo de 17.843,83€. Estes documentos están suxeitos ás seguintes normas:
 - Coa finalidade de dar cumprimento ó disposto no art. 30.3 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, no caso de presentar fotocopias compulsada, antes de facer a fotocopia o concello deberá estender no orixinal da factura unha dilixencia na que se faga constar que foi utilizada como xustificante de gasto para a obtención dunha subvención do Concello de Arteixo, con indicación da porcentaxe imputada a esta subvención.
 - As facturas conterán como mínimo o número de factura e indicación expresa de que se trata dunha factura, lugar e data de emisión, denominación social, NIF e domicilio de quen expide a factura e do destinatario, desglose do IVE, con indicación do tipo aplicable e total. Figurará tamén a descrición completa e desagregada do concepto ou conceptos polos que se factura.

- O pagamento das facturas ou documentos equivalentes, acreditarase mediante xustificantes bancarios (xustificante de transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso de efectivo, certificación bancaria, etc.) nos que consten o número de factura obxecto de pagamento, a identificación da persoa pagadora e da destinataria do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emite a factura.
- A substitución de facturas por outro documento unicamente será válido nos supostos mencionados no artigo 4 do RD 1496/2003, Regulamento de Facturación.
- Certificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas fiscais coa facenda estatal e autonómica e certificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas ca Seguridade Social. Estas certificacións poderanse substituír por declaración responsable da persoa beneficiaria da subvención no caso de que a subvención concedida non supere o importe de 3.000,00 €. A comprobación de estar ao corrente das obrigas fiscais será realizada polo Concello de Arteixo de oficio.

OITAVA. TRAMITACIÓN DA XUSTIFICACIÓN

Á vista da documentación xustificativa presentada, logo do informes do departamento de Servizos Sociais e do Servizo de Intervención, o órgano competente valorará o cumprimento da actividade subvencionada e, se a documentación é correcta, procederase ó pagamento da subvención, que se materializará mediante ingreso na conta bancaria sinalada pola entidade.

O concello participará no financiamento do mantemento do centro, nun 69,40% do orzamento presentado (17.843,83€). Dita porcentaxe non poderá superase en ningunha fase do procedemento, e de recibir outra axuda para a mesa finalidade, o financiamento municipal será recalculado proporcional-mente.

Unha vez transcorrido o prazo d e xustificación sinalado neste Convenio sen que a entidade presentase a documentación xustificativa, a unidade xestora requiriralle para que a presente no prazo improrrogable de 15 días dende a notificación.

A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a renuncia á subvención outorgada, sen prexuízo das responsabilidades dispostas na LXS.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteix.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

A presentación da documentación nese prazo excepcional non eximirá a entidade beneficiaria da sanción que lle corresponda segundo a seguinte gradación:

- Atraso na presentación da xustificación de ata un mes: sanción do 10% do importe da subvención, co límite de 250,00 €.
- Atraso na presentación da xustificación dun mes ata tres: sanción do 20% do importe da subvención, co límite de 1.000,00 €.

Aplicarase a compensación para o cobramento da sanción, agás que a entidade sancionada formule a oposición á sanción ata que se resolva o recurso.

Para outros incumprimentos e sancións non previstos neste apartado será de aplicación o disposto na normativa legal de subvencións.

NOVENA. REINTEGRO

Procederse ao reintegro da cantidade concedida en concepto do convenio nos seguintes casos:

- a) Cando o importe do convenio supere os gastos efectivamente realizados. Neste caso a entidade APEM presentará, xunto coa conta xustificativa, a carta de pago polo reintegro que corresponda.
- b) Cando a entidade non xustifique o cumprimento da finalidade do Convenio.
- c) Cando se incumpra a obriga de xustificación.

Nestes últimos casos, o procedemento de reintegro iniciárase mediante acordo da Xunta de Goberno, no que se indique a causa, as obrigas incumpridas e o importe da subvención concedida. Este acordo notificarase á entidade colaboradora, que disporá dun prazo de quince días para presentar alegacións.

No caso de que formule alegacións, emitirase un informe polo departamento de Intervención previa adopción do acordo definitivo de reintegro por parte da Xunta de Goberno; se transcorridos os 15 días a entidade non presenta alegacións, o acordo inicial de reintegro entenderase firme, e notificaráselle ao afectado para que realice o ingreso no prazo e forma que establece o RD 939/2005, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación.

DÉCIMA. CONTROL E AVALIACIÓN DO CONVENIO

Co fin de unificar e adaptar a regulación municipal relativa á actividade de fomento, o Concello de Arteixo aproba e asina o presente convenio, axustado e baseado na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, ao RD 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións, á Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a todas as demais normas concordantes coas citadas anteriormente.

DÉCIMO PRIMEIRA. MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente doutras subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para o mesmo fin, poderán dar lugar á modificación do presente convenio.

DÉCIMO SEGUNDA. RÉXIME SANCIONADOR O procedemento sancionador axustarase ao previsto no Título IV da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións. Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na dita Lei 38/2003.

DÉCIMO TERCEIRA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio e darán lugar no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas:

- O acordo das partes asinantes.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas establecidas nel.
- A concorrencia de circunstancias que determinen a imposibilidade de realizar as actuacións previstas no convenio.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos aos que motivaron a concesión da axuda.
- A falta de xustificación das cantidades recibidas.

DÉCIMO CUARTA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO APLICABLE

O presente convenio terá carácter administrativo. O seus efectos rexeranse polo establecido nas cláusulas do mesmo e, no seu defecto, polo regulado na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

En proba de conformidade ambas partes de mutuo acordo asínase dixitalmente o presente convenio na data do documento electrónico por:

D^a Antonia Pérez Amieiro, Presidenta de APEM

D^a Inés Ramos Álvarez, Concelleira de Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Educación

O Secretario Xeral do Concello, D. José María Vázquez Pita

** Polo Secretario Xeral, dase conta que obra no expediente informe de fiscalización (CVD: xBZnsk21sq4jl4e+1qtG), emitido pola Viceinterventora Municipal, Dna. Luz María Villa Álvarez, en data 01 de xullo de 2024, con resultado da fiscalización favorable.

Visto o anterior, e considerando que a adopción deste acordo é competencia desta Xunta de Goberno Local en virtude das delegacións efectuadas polo Alcalde deste Concello, mediante decreto 2005/2023 de data 19 de Xuño do 2023, a Xunta de Goberno Local, en VOTACIÓN ORDINARIA e por UNANIMIDADE DOS/AS PRESENTES, acorda prestar aprobación aos acordos transcritos na proposta que se deixa reflectida.

Asina dixitalmente na data do documento electrónico. José María Vázquez Pita
(SECRETARIO XERAL)